


# A cidade dos desexos



Título:

A cidade dos desexos  
Agustín Fernández Paz

Autor:

Manolo Uhía

Ilustrador:

Xerais

Editorial:

Merlín

Colección:

64

Nº páxinas:

978-84-9782-303-6

ISBN:

De 9 anos en diante

Idade:

**XERAI**S



# o autor

## Agustín Fernández Paz

Pode considerarse un dos máximos expoñentes da literatura infantil e xuvenil galega actual. Conta cunha produción ampla e variada, tanto en narración curta como en novela. Grande parte das súas obras están traducidas a outras linguas. Acadou premios de gran prestixio neste campo:

Merlín 1989 por *As flores radioactivas*.

Lazarillo 1990 por *Contos por palabras*.

Edebé 1994 por *Trece anos de Branca*.

Premio Rañolas 1995 por *Cartas de inverno*.

Premio Raíña Lupa 1998 por *Cos pés no aire*.

Premio Barco de Vapor 2003 por *O meu nome é Skywalker*.

Premio Edebé de Literatura Infantil 2005 por *A escola dos piratas*.

Formou parte da Lista de Honor do IBBY e da Lista de Honor da CCEI en máis dunha ocasión.

Foi finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil.

Conta con obra para os primeiros lectores e tamén para a xuventude.

Entre outros, son seus os títulos *O laboratorio do doutor Nogueira*, *Un tren cargado de misterios*, *A praia da esperanza*, *A fuxida do mar*, *Rapazas*, *Aire negro*, *Tres pasos polo misterio*, *A serea da Illa Negra*, *As fadas verdes*, *Fantasmas no corredor*, *No corazón do bosque*, *O tesouro do Dragón Smaug*, *O centro do labirinto*, *Noite de voraces sombras*, *Avenida do Parque, 21*, *Amor dos quince anos*, *Marilyn...*

É experto en literatura infantil e xuvenil, cómic e normalización lingüística.

# o ilustrador

## Manolo Uhía

É un dos ilustradores de libros para nenos e nenas máis coñecidos en Galicia. Traballa no eido do deseño e a publicidade. Tamén pinta.

Conta con máis de noventa libros ilustrados entre os que podemos destacar *Cuco, cuquelo, ¿que tes no fardelo?*; *Pimpín e dona Gata*; *Contos de animais I*; *A fantasma da torre*; *Ás de mosca para Anxo*; *Memorias dun raposo*; *O robot pequeno*; *Tres risas e unha voda*; *O misterio dos fillos de Lúa*; *Trece anos de Branca*; *Estes días refresca polas tardes...* e algún xa da súa autoría como *Pinturiño*; *O anel*; *O rato que lle puxo o cascabel ó gato* e *Piratas na buguina*.

Entre outros premios conta co Rañolas de Ilustración 1997.

Son magníficas as súas augadas e impresiona a forma na que representa aos animais.


# o libro

A panda de rapaces e rapazas ve como o «Refuxio» no que se reunían nos días de inverno, cando non podían xogar na rúa, se transforma nunha oficina. Alí instálase a C. P. I. F., unha estraña empresa que converterá en realidade os bos desexos. Cando a oficina pecha a cidade é distinta, pois nela consumáronse os desexos dese grupo de rapaces.


É a hora de buscar novas cidades onde cumprir os bos desexos dos cidadáns.

Unha pequena novela na que todo semella posible.

# temas e valores



**As cuadrillas**



**A cidade**




**A forza dos desexos**

¿Quen dixo que os desexos non poden facerse realidade?



**A posibilidade de mellorar o mundo**

comezando polo máis próximo.



**A natureza. Ecoloxía**

# actividades

\* As actividades que se propoñen, a continuación, están pensadas para que o profesorado elixa aquelas que poidan resultar máis adecuadas para o seu alumnado ou para a dinámica do grupo.

## Antes da lectura

---

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Comentaremos o que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Xogamos co título, cambiando determinadas palabras, pensando se nos lembra outros, escribíndolle un texto...
- A lectura da contraportada axudaranos a adiantar o argumento. Deixamos que vaian agromando os coñecementos previos acerca deste tema. Falamos doutros libros que tamén o versaran.
- Identificamos o autor e comentamos o que saibamos acerca del. Podemos axudarnos coa lectura do epígrafe «Cando o autor fala de si», xunto coa revisión dos títulos deste autor publicados na colección.
- Buscamos as obras que poida haber na biblioteca escolar pertencentes ao autor que estamos a tratar e realizamos unha exposición. Podemos facer o mesmo cos libros ilustrados por Manolo Uhía.
- Na biblioteca escolar documentámonos acerca destes dous creadores.
- Realizamos unha busca na rede por se atopamos información diferente coa que poder completar a biobibliografía de cada un deles.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron.
- Comentamos a dedicatoria. Unha vez lida a novela, pensamos a quen lla dedicaríamos nós e con que palabras.
- Realizamos un punto de lectura co que marcar onde estamos lendo. Terá que posuír relación coa temática.
- Observamos as ilustracións e imaxinamos a historia que se relatará con elas.

## Ao longo da lectura

---

- Probemos a buscar datos no texto, contestando ás seguintes cuestións:
  - Cantos capítulos ten esta novela?
  - Quen conta a historia?
  - Quen forma parte da cuadrilla?
  - Cal é o enderezo do «Refuxio»?
  - Que pasou cos cómics e os xogos que tiñan no «Refuxio»?
  - Cal é o mobiliario habitual das oficinas? ¿Estás de acordo con iso?
  - Como diferenciamos os desexos interesados dos de boa lei?

# actividades

- Contestemos agora procurando os datos tirados da nosa experiencia:
  - Como podemos acomodar a cadeira e sentarnos sen facer estrondo?
  - Cales son as vosas arelas?
  - Tedes algún «Refuxio» que compartades cos amigos?
  - Ana contáballes historias. Quen chas conta a ti? Cando o fai?
  - Que libros les? Cales che gustan máis?
  - Que podemos facer sentados, de forma anicada, coma os indios?
  - Que hai que facer para ser amigos?
- Lembremos: os indios asinaban a paz fumando coa pipa. Agora como se fai?
- As siglas C. P. I. F. significan Centro de Promoción de Iniciativas Fantásticas. Busquemos outras e o seu significado. Logo poderemos crear as nosas propias.
- Fai un listado cos teus libros favoritos
- Imos escribir unha desiderata que comece con «Gustaríame que...»
- Imaxinar unha vida distinta, un mundo diferente. Escoitemos a canción «Imaxina» de John Lennon. Traduzámola e contémola, se somos quen.
- No texto aparece a frase feita «quere quedar con nós». Buscade outras dentro e fóra do texto. Xogade con elas e co seu significado.
- Artur é desconfiado, pásalle como a santo Tomás. Cántase del na Biblia que só foi quen de crer despois de tocar. Consegue que alguén che conte ou che lea esa historia.
- Ana pode ler o pensamento dos demais. Imaxínade como pode ser iso. Hai unha película que trata esta mesma temática: un home que é quen de escoitar os pensamentos das mulleres. Podemos tentar ver un anaco ou atopar a alguén que nos conte o seu conto.
- Observade as letras capitulares coas que comeza cada capítulo. Buscade outras en libros antigos ou actuais. Realizade un abecedario dese tipo e creado por cada un de vós.
- Indaguemos sobre a hipnose.
- Nos contos adóitase falar de tres desexos que se van cumprir. Lembrade algún conto no que suceda isto e contade como se resolveu.
- O primeiro desexo é que a cidade se encha de árbores. Por que credes que son tan importantes as árbores? Por que van desaparecendo cada vez máis? Que podemos facer para impedilo?
- Elvis Karlsson é un personaxe de María Gripe que poderedes atopar nos libros que levan o seu nome e forman unha serie (*Elvis Karlsson, ¡Elvis, Elvis!, El verdeadero Elvis*). Elvis é un rapaz moi especial que percorre a cidade na que vive sementando plantas e árbores nos lugares nos que vive a xente á que el quere e considera que merece ter vida arredor. Busca eses libros e mergúllate nas súas historias.
- O segundo desexo é que volvan os paxaros. Indagade que métodos se empregan nas cidades para expulsalos. Dade algún paseo para observar se hai ou non paxaros na vosa contorna.
- As cores das palabras. Fagamos unha clasificación na que a cada unha delas lle asignemos unha cor.

# actividades

- No texto aparecen nomes de árbores, pero ti sabes moitos máis. Fai unha boa listaxe e, se che quedan ganas, podes debuxalas.
- Podedes realizar outra listaxe cos paxaros que chegaran para instalarse na cidade.
- O vento compón sons cando pasa entre as pólas das árbores. Debedes escoitalos.
- Parémonos e escoitemos os sons da cidade, observemos como cambian segundo o lugar e a hora do día. Podemos gravalos e mesmo buscalos en Internet, pois hai algunha páxina na que se recollen estes sons.
- Nos tempos que quedan atrás, para a xente máis nova, descubrir os niños dos paxaros tiña algo de misterio. Agora é ben difícil. De todas maneiras podedes intentalo e, sobre todo, buscar información sobre niños e roladas en libros.
- «O bosque instalárase definitivamente na cidade.» Imaxínade a vosa cidade dese xeito e realizade un debuxo no que se amose.
- Ana dálle a volta á realidade cando consegue que os aparellos xaponeses, en vez de emitir sons que asustan aos paxaros, emite outros que os chaman. Seguro que se che ocorren outras situacións nas que a solución poida ser semellante.
- Observar as sombras das árbores ou as estrelas do ceo é ler nese gran libro que é a natureza. Non debemos deixar un só día sen abril. Describamos o que observamos.
- «Non vos esquezades tampouco do fermoso que é desexar cousas inútiles. Porque xa vedes que son as que nos fan a vida unha miga máis feliz.» Parécevos que eses desexos eran inútiles?
- Ao ler «Cando o autor fala de si» podemos traballar a xeografía (se situamos o lugar no que el viviu de neno –Vilalba– no mapa), a historia (se indagamos cando naceu e o que sucedía nese tempo ou cando comezou a televisión)...
- Buscamos os libros e cómics que nese epígrafe cita o autor e botámoslles un ollo por se nos apetece lelos.
- O autor fala da radio que escoitaba de neno. Escoitádelo vos algunha vez? Que escoltades? Podería resultar interesante gravar algún programa de radio no que se conten historias. Animémonos.
- Di Agustín Fernández Paz que os personaxes son algo máis que persoas de papel. Como o explicariades?


## Despois da lectura

---

- Buscamos unha cita que nos pareza axeitada para colocar neste libro.
- Se esta obra nos gustou, podemos continuar lendo outras deste autor.
- Os libros ilustrados por Manolo Uhía tamén poden ser do noso interese. Revisémolos e animémonos a lelos.
- Unha vez rematada a lectura cambiámoslle o título ao libro se somos quen de atopar un que nos resulte máis axeitado.
- Argumentamos a nosa opinión persoal sobre o libro.
- Comentamos os valores que defende o autor por medio da obra.

# actividades

- Escollemos os fragmentos que máis nos gustaron no texto para compartilos cos demais.
- Seleccionamos as ideas que nos teñan maior interese.
- Contamos esta historia ao noso xeito.
- Continuamos o relato alí onde o autor o deixou, inventándolle outro final. Pode ser a nova apertura da empresa C. P. I. F. noutra cidade.
- De ser o libro do noso agrado, escribiremos un texto recomendando a súa lectura.



## Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya**  
**Polígono de Bergondo**  
**1ª Travesía - Parcela B1**  
**15.165 Bergondo (A Coruña)**  
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660

## XERAIS

Doutor Maraño, 12. 36211 Vigo  
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo  
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80  
Telefax: (986) 20 13 66  
Correo electrónico: xerais@xerais.es  
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2007  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2007  
Depósito legal: VG. 49-2007